

**ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE AGOSTO DO 2020.****Sesión 08/2020-P**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Cotelo D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTOR</u></b></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b></p> <p>D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.02 horas do día xoves 27 de agosto do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen da fe do acto, reúnense por videoconferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión telemática ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todas e a todos a este Pleno ordinario telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra á Secretaria, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

**1º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE LIMPEZA E MEDIO AMBIENTE.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 7/2020, do 20 de agosto, que recolle:



<<**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente no referido aos artigos 14.3 e 55.2.1) que quedan redactados como segue:

Art. 14.3:

Na época de verán comprendida entre o 1 de xuño e o 30 de setembro permitirase o acceso dos cans ás praias en horario de 22:00 h a 10:00 h podendo a Alcaldía establecer calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias sexan procedentes.

Art. 55.2.1):

l) Levar cans ou outros animais fóra das datas e horarios establecidos ou vulnerando calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias se establezan pola Alcaldía en función do sinalado no art. 14.3.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran>>.

A sra. Rúa, concelleira delegada de Medio Ambiente e Normalización Lingüística, expón a motivación da proposta, que basea en distintas peticións para facer máis flexible o tempo do uso das praias polos cans.

No debate, as sras. Pardo, do grupo municipal Socialista (PSOE), e García, do grupo municipal do Partido Popular (PP), fan algunhas suxestións aínda que anuncian que han votar a favor da proposta: a sra. Pardo suxire habilitar zonas específicas para o uso exclusivo dos cans en lugar de todo o areal, facilitando unha limpeza máis eficiente desas zonas e a sra. García incide na necesidade de dar unha axeitada resposta á limpeza para favorecer a convivencia; volve intervir a sra. Rúa, quen agradece as achegas. Na quenda da réplica, fai uso da palabra a sra. García, quen insiste na necesidade de mellorar a limpeza en xeral no municipio.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Xeral de Limpeza e Medio Ambiente no referido aos artigos 14.3 e 55.2.1) que quedan redactados como segue:

Art. 14.3:

Na época de verán comprendida entre o 1 de xuño e o 30 de setembro permitirase o acceso dos cans ás praias en horario de 22:00 h a 10:00 h podendo a Alcaldía establecer calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias sexan procedentes.

Art. 55.2.1):

l) Levar cans ou outros animais fóra das datas e horarios establecidos ou vulnerando calquera outra limitación que por razóns hixiénico-sanitarias se establezan pola Alcaldía en función do sinalado no art. 14.3.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

## 2º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

**A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 27 de xullo (núm. 1.557) ata o 20 de agosto do 2020 (núm. 1.753).**

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 27 de xullo (núm. 1.557, do expediente 2020/G003/001604) ata o 20 de agosto do 2020 (núm. 1.753, do expediente 2020/G003/001830), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.



## B.- Mocións.

### **1ª.- Moción para que se acometa a obtención prevista no PXOM do terreo incluído na acción denominada SXEsc-06-08.**

O sr. García Cotelo xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do Partido Popular o 26/08/2020 (núm. Rexistro 202099900002328).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

Seguidamente o sr. García Cotelo procede a expoñer a dita moción, que a continuación reproducécese integramente:

**<<MOCIÓN PARA QUE SE ACOMETA LA OBTENCIÓN PREVISTA EN EL PXOM DEL TERRENO INCLUIDO EN LA ACCIÓN DENOMINADA SXEsc-06-08**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*I.- El PXOM de Sada contempla en el ámbito del suelo urbano la acción destinada al Sistema de equipamientos denominada SXEsc-06-08, que se sitúa entre el Callejón da Lagoa y la calle Pintor Vaamonde.*

*Dicha acción tiene prioridad 1, es decir se encuadra en el primer cuatrienio, del que ya casi han pasado tres años.*

*Dicha acción prevé obtener por expropiación un único terreno de 243 m2, estimada por el PXOM en 24.300 euros.*

*“Consiste en la obtención de suelo para la construcción de un equipamiento social y cultural. El edificio conformara un volumen necesario para cerrar la manzana, tapar las dos medianeras existentes y procurar la continuación del Callejón de la Lagoa mediante un paso inferior en planta baja”.*

*II.- Independientemente de la construcción del equipamiento, que no es objeto de la acción prevista en el PXOM, la obtención del terreno permitirá la comunicación física del callejón da Lagoa con la calle Pintor Vaamonde, con el río y con el polígono de Las Brañas. Comunicación que favorecerá a los vecinos y a los negocios de la zona.*

*III.- Por otro lado, la calle Lagoa, justo en su encuentro con el callejón del mismo nombre, es un punto negro en el que suele producirse acumulación en la calzada de agua, cuando llueve, y que llevo a inundarse considerablemente en fechas que todos recordamos, por lo que es urgente una solución.*

*El pasado día 18 de agosto, por fin el Alcalde nos facilitó los planos de las redes de sumideros y pluviales de las calles Venezuela y Lagoa, que venimos reclamando reiteradamente desde el 2 de octubre de 2019.*

*A la vista de estos planos, podemos comprobar que dicho punto se trata de la cota más baja del entorno, y que actualmente desagua con dificultad en el marco del río, en un punto previo a su encuentro con los ovoides, después de recorrer bajo la calle Lagoa unos 75 metros y sumarse a las aguas que proceden de la calle Sada de Area.*

*Con la obtención de los terrenos que conforman la acción SXEsc-06-08, puede reformarse el desagüe de este punto crítico, situado frente al bar A Lagoa, y llevar la red de desagüe bajo el callejón en línea recta hacia el marco del río situado bajo la calle Pintor Vaamonde, recorriendo unos 40 metros.*

*Siendo la distancia aproximadamente de la mitad, puede duplicarse la pendiente, o si los estudios lo aconsejan, manteniendo la misma pendiente, situarse el punto de vertido más alto. Con esta solución también se evita sumar estas aguas a las que bajan con más carga por la calle Sada de Area. Ambas opciones mejorarían considerablemente la situación actual.*

*Al tratarse de una propuesta de mejora de la red de desagües de la calle Lagoa que precisa de la obtención previa de un terreno, de acuerdo a la previsión del PXOM, proponemos someter a debate del Pleno el siguiente*

#### **ACUERDO**

*Acometer ya la obtención del terreno prevista para el primer cuatrienio en la acción del PXOM denominada SXEsc-06-08>>.*

O Presidente indica que propoñen un pequeno cambio, consistente en que onde pon “Acometer ya” poñer “Iniciar o expediente de expropiación para a obtención”, por consideralo máis correcto dende o punto de vista xurídico. O sr. García amosa o seu acordo co cambio proposto.



A continuación débátese a moción coa emenda proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV), a sra. Reimúndez (BNG), a sra. Pardo (PSOE) e o sr. Fariña (SM). O sr. García Cotelo (PP) fai uso da quenda para a réplica e remátase coa intervención do Presidente.

O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto coa emenda introducida, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Iniciar o expediente de expropiación para a obtención do terreo prevista para o primeiro cuatrienio na acción do PXOM denominada SXEsc-06-08.

## **2ª.- Moción para instar ao Goberno de España a non se apropiar dos recursos das Entidades Locais.**

A sra. Salorio xustifica a urxencia desta moción, presentada polo grupo municipal do Partido Popular o 26/08/2020 (núm. Rexistro 202099900002329).

Vótase a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

A sra. Salorio procede a dar lectura á dita moción, que a continuación reproducése integramente:

**<<MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO EL AYUNTAMIENTO DE SADA PARA INSTAR AL GOBIERNO DE ESPAÑA A NO APROPIARSE DE LOS RECURSOS DE LAS ENTIDADES LOCALES**

*El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de Sada desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:*

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*Desde el inicio de la pandemia provocada por el virus COVID-19 las entidades locales (EE.LL.) pusieron en marcha medidas, para contener la expansión del virus y preservar la salud de empleados públicos y vecinos.*

***El esfuerzo realizado por los gobiernos locales no se ha visto correspondido por el gobierno de España que, durante la fase más dura de la pandemia, no destinó un solo euro a apoyar a las entidades locales en su lucha contra el virus y las negativas consecuencias del mismo.***

*Ante esta situación, las entidades locales- de todo signo político- a través de los órganos de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) y de los legítimos representantes de los españoles en el Congreso de los Diputados han solicitado, en reiteradas ocasiones durante los últimos meses, al gobierno de España medidas como:*

- 1. Poder disponer del 100% los remanentes de Tesorería- sus “ahorros”, los “ahorros de los vecinos”- generados durante los últimos años para implementar aquellos servicios y medidas que permitan actuar primero, contra la pandemia y después, contra la crisis sanitaria, social y económica derivada de la misma; sin poner en riesgo la capacidad financiera de la entidad local y siempre en coordinación con las CC.AA. y el Estado.*
- 2. Transferencia de una parte proporcional de los Fondos Europeos que reciba España a las Entidades Locales para poder compensar el impacto del COVID19 en sus ingresos y gastos presupuestarios.*
- 3. Creación de un fondo de 5.000 millones en ayudas directas e incondicionadas a las Entidades Locales y de fondos específicos por valor más de 1.000 millones de euros para compensar el déficit en los servicios de transporte públicos y para cubrir el coste de la colaboración de las EE.LL. en la gestión del Ingreso Mínimo Vital.*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000010

*En el mes de julio, el gobierno de España presentó a la FEMP una propuesta de acuerdo que no respondía a las necesidades y peticiones de las Entidades Locales; excluía al mundo rural y a más de 3.000 Entidades Locales que han cerrado 2019 con deuda o no han tenido Remanente de Tesorería positivo; destruía la autonomía local reconocida en la Constitución y suponía un chantaje inaceptable a todos los Ayuntamientos y Diputaciones de nuestro país.*

*La Junta de Gobierno de la FEMP la aprobó, el 3 de agosto, con los únicos votos a favor de los alcaldes socialistas más el voto de calidad del Presidente de la FEMP, el socialista Abel Caballero.*

*Ninguna de las restantes fuerzas políticas con representación en este órgano directivo de la FEMP apoyó esta propuesta: Partido Popular, Ciudadanos y Junts per Cat votaron en contra y los socios de gobierno de Sánchez, IU-Podemos, se abstuvieron.*

*El 3 de agosto fue un día tristemente histórico para la institución que representa y debe proteger los intereses de todas las entidades locales puesto que, por primera vez, se rompía el consenso que siempre había presidido su actuación.*

*El Consejo de Ministros, a pesar de que la propuesta de acuerdo no contaba con el aval de la FEMP, aprobó el 4 de agosto, el Real Decreto-ley 27/2020, de medidas financieras, de carácter extraordinario y urgente, aplicables a las entidades locales, que mantiene los aspectos más lesivos del acuerdo rechazado por la mayoría de los miembros que integran esta institución y que incluso cambia las condiciones pactadas con los alcaldes socialistas de la FEMP el mismo día.*

*El gobierno ofrece un fondo de 5.000 millones € -a ingresar a las EE.LL. entre 2020 y 2021- totalmente condicionado puesto que solamente se repartirá entre las EE.LL. que entreguen al gobierno la totalidad de sus remanentes de tesorería para gastos generales a 31/12/2019 (minorado por una serie de conceptos reseñados en el artículo 3.1 del Real Decreto-ley 27/2020) durante 17 años, desde 2020 al 2037.*

*A cambio de que las EE.LL. cedan todos los ahorros municipales, los ahorros de los vecinos, el gobierno les ofrece un fondo -que supone solamente una pequeña parte de esos ahorros- y que deberán emplear únicamente en las actuaciones definidas por el gobierno en el propio Real Decreto-ley 27/2020.*

*En resumen, una propuesta que esconde un chantaje inaceptable y que podría vulnerar los artículos 137 y 142 de la Constitución Española, que consagran los principios de autonomía y suficiencia financiera como base de la gestión de las entidades locales.*

*Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Sada, presenta la siguiente:*

#### **PROPUESTA DE ACUERDO**

*Manifestar:*

- 1. el apoyo expreso del Ayuntamiento de Sada al recurso de inconstitucionalidad que el Grupo Popular en el Congreso de los Diputados presentará contra el Real Decreto-ley 27/2020 para defender los intereses de todas las entidades locales y los ahorros de todos los vecinos.*
- 2. el profundo rechazo de este Ayuntamiento al procedimiento negociador que el Gobierno de España ha mantenido con la FEMP para lograr un acuerdo que diera una “apariencia” de apoyo unánime de las EE.LL. al Real Decreto-ley 27/2020. Un procedimiento en el que el Gobierno solamente ha negociado con los representantes socialistas y de IU-Podemos en la FEMP excluyendo al resto de fuerzas políticas con representación en dicha institución.*
- 3. y el profundo rechazo este Ayuntamiento a cualquier medida del Gobierno de España tendente a apropiarse de los ahorros acumulados por los vecinos de los municipios españoles, tanto de forma directa como vía suscripción de préstamos de las EELL al Estado a devolver a largo plazo*

*Instar al gobierno de España a:*

- 4. respetar y garantizar la autonomía que la Constitución Española y las leyes otorgan a las entidades locales para la gestión de sus recursos, para la gestión del dinero público que es de todos y cada uno de los españoles, no de un gobierno en concreto.*

*Dar traslado de este acuerdo al Presidente del Gobierno, a la Ministra de Hacienda, a la Ministra de Política Territorial y Función Pública, a los Portavoces de Grupos Políticos del Congreso, Senado y del Parlamento de Galicia y a la Junta de Gobierno de la FEMP>>.*

*A continuación débátese sobre a moción proposta, coas intervencións da sra. Nogareda (AV); a sra. Reimúndez (BNG); a sra. Pardo (PSOE) e a sra. Taibo (SM). Contesta a sra. Salorio, volven intervir as sras. Pardo e Taibo e pecha o debate o Presidente.*

*O contido íntegro do debate atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.*

*Logo de terse debatido o asunto vótase a emenda proposta polo grupo municipal do Partido Popular, obténdose o seguinte resultado:*

*- Votos a favor: 5 PP.*



- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando rexeitada a moción por maioría absoluta.

### C.- Rogos e preguntas.

O Presidente comeza contestando a unha pregunta que estaba pendente sobre a ampliación das terrazas da hostalaría, explicando que as razóns para que non se aprobara foron a recuperación da totalidade da capacidade das terrazas e porque poida que non se puidese tomar dunha forma homoxénea e outras consideracións e fai aclaracións por solicitude da sra. Pardo.

A sra. Pardo (PSOE) efectúa os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Pregunta, logo dunhas aclaracións, con relación ás subvencións acerca da publicidade e notificación das bases aos interesados e aos grupos políticos municipais.  
Contestan a sra. Mouriño, concelleira delegada de Participación Cidadá, Transparencia, Cooperación, Mocidade e Novas tecnoloxías e máis o Presidente.
- 2) Roga que se contacte coa empresa concesionaria da recollida do lixo para que modifique o horario no que presta o servizo para evitar atascos e molestias aos veciños.
- 3) Roga que para o vindeiro verán se equipen as praias como é debido e que o servizo de salvamento e socorrismo estea operativo como mínimo dende o 1 de xullo ata o 30 de setembro.
- 4) Pregunta, logo de expoñer a súa visión sobre o mantemento do servizo de saneamento e subministro de auga, se o Concello lle vai esixir á empresa subministradora que rebaixe o recibo aos usuarios afectados.
- 5) Pregunta sobre a xestión administrativa relativa ás solicitudes para o comedor escolar do CEIP de Sada y sus Contornos.

O sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, contesta ao preguntado con relación ao saneamento e subministración de auga e indica que ha transmitir a queixa á empresa concesionaria.

A sra. Nogareda, concelleira delegada de Educación e Deporte, contesta con relación ao proceso que se segue para o caso do servizo do comedor do CEIP de Sada y sus Contornos e debate coa sra. Pardo.

O sr. Tellado (PP) fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que se lles atendan as súas solicitudes de acceso e copia a diversos expedientes ou informes, aos que fai referencia, indicando que é un dereito que lles asiste para realizar o seu labor de oposición.  
Contesta o sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, efectuando algunhas aclaracións segundo os casos; e así mesmo o Presidente.
- 2) Pregunta se o pagamento por unha obra de canalización de augas pluviais na rúa da Lagoa recollido nun decreto que cita se corresponde coa obra realizada que saíra na prensa sobre que a Xunta detectara filtracións e que ordenara ao Concello a adopción de medidas.

O Presidente contesta en sentido afirmativo e dá unha explicación para os efectos.

- 3) Pregunta se houbo algunha denuncia con relación á antiga nave de Vázquez y Carballosa, na que se di que ha operar Amazon Flex.

O Presidente contesta que non houbo denuncia ningunha e dá unha explicación sobre os expedientes que hai abertos, de análise da comunicación previa e de reposición da legalidade por efectuar obras sen título que o habilite.

O sr. García Cotelo (PP) pregunta sobre a legalización dunhas vivendas no lugar de Pazos.

O Presidente contesta explicando que aínda non contan coa licenza de primeira ocupación, polo que de momento non están totalmente legalizadas.

A sra. García (PP) efectúa os seguintes rogos e preguntas:



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000010

1) Roga que se tomen as medidas necesarias para solucionar uns defectos na obra de reposición das beirarrúas e acceso ao polígono Sada-Cambre que indica que dificultan unha normal mobilidade para as persoas en cadeira de rodas.

2) Pregunta pola posibilidade de anular o rego automático os días de moita chuvia.

O sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, contesta que si é posible facelo e que aínda que non se fixera nalgún momento puntual transmitirá o rogo ao mantemento da xardinería.

A sra. Salorio (PP) pregunta se se sabe para cando vai ser que comece a obra das tubaxes de distribución da auga no lugar do Tarabelo.

O sr. Fariña, concelleiro delegado de Obras e Servizos, contesta que o máis axiña posible logo de solucionar un pequeno problema que se presentou con relación ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde e dirección de obra.

A sra. Pardo (PSOE) pregunta polas obras paralizadas no Centro de Formación Ocupacional.

O Presidente dá unha explicación e indica que xa se vai continuar coa obra.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 34 minutos do día xoves 27 de agosto do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).